

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 556/2010, DO 27 DE XULLO .

Mediante Resolución de Alcaldía nº 510/2010 de 1 de xullo, aprobáronse as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, na modalidade de "obra ou servizo determinado", durante 6 meses, de tres prazas de peóns e 1 oficial (albanel) para a obra ou servizo denominada "Infraestruturas no Medio Rural" no Concello de Cabana de Bergantiños.

Vista a presentación da correspondente oferta de Emprego na Oficina de Emprego de Carballo para solicitar candidatos desempregados a estas prazas, tal e como o marca a orde de subvención dos Programas de Cooperación 2010.

Mediante Resolución de Alcaldía nº 545/2010 do 19 de xullo aprobouse a lista definitiva de admitidos e excluídos para o procedemento de selección.

Reunido o tribunal o día 21 de xullo de 2.010, procedeuse a valorar os méritos achegados así como á realización das probas prácticas, todo isto de conformidade co baremo establecido nas bases de selección aprobadas mediante resolución nº 510/2010 de 1 de xullo.

Como resultado da valoración das citadas probas e méritos, o tribunal de selección por unanimidade dos seus membros acordou propoñer a adxudicación das catro prazas a D. Enrique Méndez Torrado para a praza de oficial(albanel) e a D. Jaime Nantón Moreira, Ricardo Parga Souto e Jesús Rodríguez Fariña para as prazas de péons da obra ou servizo " Infraestruturas no medio rural".

Tendo en conta que a base décima punto primeiro establece que "*os aspirantes propostos presentarán na Secretaría do Concello, no prazo de tres días hábiles, contados a partir da publicación da relación de aprobados no Taboleiro de Anuncios de Concello*" e na base décima punto segundo "*A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das reponsabilidades nas que puidese ter incorrido*"

Vista a documentación presentada por cada un dos aspirantes propostos para a selección, obsérvase que D. Jesús Rodríguez Fariña, aspirante proposto para a praza de peón, non presenta a documentación en tempo e forma, polo que se recorre a lista de suplentes pola orde da puntuación acadada segundo a acta do 21 de xullo.

Consonte co preceptuado nos artigos 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril e 41.14.c) do ROF., pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Nomear a D. Enrique Méndez Torrado (DNI nº 32.431.083-W) como oficial (albanel) e a D. Jaime Nantón Moreira (DNI nº 32.406.412-X) e a D. Ricardo Parga Souto (DNI nº 76.311.714-Z) como peóns para a obra ou servizo denominada " Infraestruturas no Medio Rural" cunha duración seis meses dende a sinatura do contrato, baixo as condicións establecidas nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía 510/2010 de 1 de xullo.

SEGUNDO: Conceder a D. José Narciso Lema Fondo , con DNI nº 32.445.700-Z , un prazo de 3 días hábiles para a presentación de documentación, como aspirante na lista de reserva para cubrir a praza vacante de peón para a obra ou servizo “ Infraestruturas no Medio Rural”.

TERCEIRO: Proceder a formalización dos correspondentes contratos laborais de 1 oficial e 2 peóns, así como realizar os trámites necesarios ante a Seguridade Social, que resulten necesarios de conformidade coa normativa vixente.

CUARTO: Dar traslado da presente aos servizos de Tesoureiría do Concello.

QUINTO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web.

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o 27 de xullo de dous mil dez, diante de min, o Secretario, que dou fe e certifico.

O Alcalde,

O Secretario,

Asdo.: Jose Muíño Domínguez

Asdo.: Federico Suárez Cancelo.